



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, n.º 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>
endereço electrónico: correo@betanzos.net

ANEXO II. INFORMACIÓN SOBRE CAMPAMENTOS DE VERÁN BETANZOS CONCILIA 2023

CAMPAMENTOS DE VERÁN BETANZOS CONCILIA (1ª- 2ª- 3ª QUENDA)

Actividades de lecer pedagóxico e de carácter convivencial, con eixo vertebrador a igualdade entre nenas e nenos.

DATAS: 1.ª QUENDA: 22 XUÑO - 7 XULLO
2.ª QUENDA: 10 XULLO - 28 XULLO
3.ª QUENDA: 31 XULLO - 11 AGOSTO
(DE LUNS A VENRES, AGÁS FESTIVOS)

LUGAR: CEIP FRANCISCO VALES VILLAMARÍN.

HORARIO: ENTRADA 09:00 HORAS OU 10:00 HORAS – SAÍDA 13:00 HORAS OU 14:00 HORAS.
SERVIZO DE MAÑANCEIROS SEN ALMORZO: DE 08:00 A 09:00 HORAS

IDADES: 3 – 12 ANOS.

+ INFO: 981 770 707

PRAZO DE INSCRICIÓN: DO 15 AO 31 DE MAIO

COTA: 50 EUROS

LUGAR DE INSCRICIÓN: SEDE ELECTRÓNICA DO CONCELLO DE BETANZOS.

PRAZAS: 50 POR QUENDA
(REQUIÉRESE UN MÍNIMO DE 15 PARTICIPANTES POR QUENDA PARA REALIZAR A ACTIVIDADE).

INFORMACIÓN SOBRE ADXUDICACIÓN DE PRAZAS E PAGAMENTO DA COTA

As prazas adxudicaranse de forma directa ou por sorteo público se a demanda excede o nº de prazas. Terán prioridade os/as nenos/as empadroados/as en Betanzos. A adxudicación das prazas publicarase na páxina web <https://betanzos.es> antes do inicio da actividade.

É necesario entregar unha copia da tarxeta sanitaria xunto coa solicitude dos Campamentos de verán "Betanzos Concilia".

As cotas pagaranse unha vez confirmada a praza e antes de iniciar a actividade a través da **Oficina Virtual Tributaria do Concello de Betanzos**. https://sede.betanzos.gal/sxc/es/procedimientosytramites/tramites/OficinaVirtualTributaria_N

Unha vez nesta plataforma, elixir o trámite "Prestación de servizos" e dentro deste o subapartado "Prestación de servizos - Campamento urbano", **especificando no despregable "Tarifas" para que quenda ou quendas se realiza o pago.**

Para calquera **dúbida** con respecto á Oficina Virtual Tributaria poden consultar o Anexo III e/ou poñerse en contacto co departamento de **Servizos Sociais** no **981.77.07.07** ou co departamento de **Tesourería** no **981.77.00.11**.

Unha vez realizado o pagamento, **o xustificante debe enviarse por correo electrónico** a marta.pineiro@betanzos.gal ou entregarse nas dependencias dos Servizos Sociais municipais. O **prazo máximo** para o pagamento e o envío de xustificante de pago será **o martes 20 de xuño**.

As persoas solicitantes que teñan o título de familia numerosa, condición que deben acreditar documentalmente, terán un desconto do 20% en cada fillo/a.

ANEXO III. INSTRUCIÓN PARA O PAGAMENTO DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DO CAMPAMENTO URBANO BETANZOS CONCILIA 2023

A autoliquidación do prezo público pola inscrición no Campamento urbano Betanzos Concilia 2023 realizarase na [Oficina Virtual Tributaria do Concello de Betanzos](#), accesible a través da [Sede Electrónica do Concello](#).

Dentro da sección **Autoliquidar e pagar taxas** da páxina de inicio, cómpre introducir o DNI da persoa solicitante e seleccionar o apartado **Prestación de servizos, subapartado Prestación de servizos – Campamento urbano**.

No despregable **Tarifas** deberase **escoller a quenda ou quendas** que procedan segundo o listado de persoas admitidas.

En virtude da ordenanza reguladora, as persoas solicitantes que teñan a **condición de Familia Numerosa** terán unha **bonificación do 20% en cada filla/o** participante, que non inclúe os servizos de almorzo e xantar. Para aplicala, dentro de cada quenda, no despregable **Bonificación** deberase **escoller a opción Familia Numerosa 20%**.

A continuación xerárase o **documento de pago**, que pode descargarse para **abonar presencialmente** en calquera oficina ou caixeiro das entidades **Abanca ou Sabadell** ou ben **pagarse directamente con tarxeta** desde a opción **Pagar**. En ambos casos, garde o xustificante de pagamento.

Deberá realizarse unha autoliquidación por cada filla/o inscrito no Campamento Urbano Betanzos Concilia.

Dacordo coa ordenanza reguladora deste prezo público, as cotas de participación ingresaranse no momento en que se adxudique a praza e sempre antes de comezar a actividade.

O xustificante de pagamento deberá enviarse ao correo marta.pineiro@betanzos.gal ou ben presentarse nas oficinas de Servizos Sociais do Concello de Betanzos, xunto coa documentación acreditativa da condición de Familia Numerosa (se é o caso) se non se aportou na solicitude.